



GALICIA, S.A.

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

CONTRATACIÓN

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

***SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PROXECTO DO NOVO CENTRO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA
CORUÑA***

ATSP240201

SETEMBRO DE 2024

ÍNDICE

1. OBXECTO	3
1.1. OBXECTO DO PREGO.....	3
1.2. OBXECTO DO CONTRATO.....	3
1.3. ALCANCE E FASES DOS TRABALLOS.....	3
2. FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DO CONTRATO	5
2.1. DEFINICIÓNS.....	5
2.1.1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	5
2.1.2. RESPONSABLE DO CONTRATO	5
2.1.3. CONTRATISTA.....	5
2.1.4. REPRESENTANTE DA EMPRESA.....	5
2.2. FUNCIÓNS.....	6
2.2.1. FUNCIÓNS DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.	6
2.2.2. FUNCIÓNS DO RESPONSABLE DO CONTRATO	6
2.2.3. FUNCIÓNS DO CONTRATISTA.....	7
2.3. RESPONSABILIDADES.....	7
2.3.1. RESPONSABLE DO CONTRATO	7
2.3.2. CONTRATISTA E AUTOR DA SUPERVISIÓN DO PROXECTO: INSTALACIÓNS	8
3. MARCO NORMATIVO	8
4. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR	9
5. DOCUMENTACIÓN	14
5.1. FASES.....	14
5.1.1. FASE DE CORRECCIÓNS DO PROXECTO.....	14
5.1.2. ENTREGA FINAL.....	14
5.2. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO DE SERVIZO.....	14
6. DOTACIÓN DE MEDIOS.....	14
6.1. PERSOAL	14
6.1.1. PERSOAL PARA A SUPERVISIÓN DO PROXECTO.....	15
6.1.2. CONSIDERACIÓNS SOBRE O PERSOAL.....	16
7. ORZAMENTO DO CONTRATO	17
8. DISPOSICIÓNS XERAIS	18
8.1. CONDICIONANTES TÉCNICOS.....	18
8.2. VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS HONORARIOS	18
8.3. PRAZO DE EXECUCIÓN	19
ANEXO I - DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES	20

1. OBXECTO

1.1. OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste Prego de prescricións técnicas (en diante, "Prego") é determinar o contido, alcance e fixar as condicións técnicas que rexerán a realización dos traballos incluídos no contrato de servizo para a Supervisión das Instalacións do Proxecto do Novo Centro Hospitalario Universitario da Coruña, clave AC/21/215.30, situado nas Xubias, Nº 84 (A Coruña), con coordenadas (43.34409035,-8.38835464), tendo en conta o previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/EU e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 («BOE» núm. 272, de 09/11/2017).

1.2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato de servizos é definir as condicións e criterios aos que deberá suxeitarse o adxudicatario para a realización da supervisión do proxecto e da documentación precisa correspondente coa Supervisión das Instalacións do Proxecto do Novo Centro Hospitalario Universitario da Coruña. O encargo profesional deste contrato comprende as seguintes prestacións do servizo:

- A supervisión das Instalacións do proxecto do Novo Centro hospitalario Universitario da Coruña. Queda excluída da parte de Instalacións a correspondente co proxecto de infraestruturas de comunicación (PIC) que será supervisado pola Subdirección Xeral de Sistemas do Sergas.

No relativo á comprobación do cumprimento da normativa de incendios, incluírase a elaboración dun modelo de funcionamento do edificio en caso de incendio.

Quedan incluídas no obxecto do presente contrato, as tarefas que o adxudicatario deba realizar de asesoramento aos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI) para obter a documentación técnica correspondente para a completa definición das obras asociadas ao proxecto, ademais da revisión final para a entrega do informe de supervisión á AXI que deberá cumprir coa normativa vixente.

1.3. ALCANCE E FASES DOS TRABALLOS

O presente Prego inclúe as prestacións que se teñen que obter do contrato de servizos para a asistencia técnica da supervisión da documentación técnica no que se refire as Instalacións do Novo CHUAC.

As fases identificadas serán as seguintes:

- 1: Correccións das distintas versións do proxecto.
- 2: Informe Supervisión final do proxecto definitivo.

A continuación descríbense brevemente os traballos a ofertar por fases e que comprenderán como mínimo:

1.3.1. FASE 1: Correccións das distintas versións do proxecto

1.3.1.1 Colaboración durante a redacción do proxecto:

- Colaborarán na supervisión do contido do proxecto e documentos relacionados (documentación e proxectos parciais ou completos esixidos pola normativa sectorial específica, separatas de cálculo, acometidas e conexións a redes, relación co resto de edificios existentes e proxectados dentro da parcela, coas compañías subministradoras, proxecto de urbanización e accesos, etc). Procederán ao asesoramento aos técnicos da AXI durante as consultas e entregas parciais da documentación xerada por parte do equipo redactor.
- A maiores da supervisión das instalacións, no tocante á comprobación do cumprimento da normativa de incendios, tendo en conta a zona relacionada co gran patio central aterrado (situado entre o edificio existente e a nova intervención e que articula o acceso xeral e distribúe os principais eixos de comunicación), se levará a cabo un modelo de funcionamento do edificio en caso de incendio, incluíndo:
 - Unha análise da solución proposta para dita zona polo proxectista, onde se aplica un deseño baseado en prestacións (“performance based design” polas súas siglas en inglés), realizando unha simulación mediante FDS (“fire dynamics simulator” polas súas siglas en inglés) ou método equivalente.
 - Unha validación (coa emisión do correspondente certificado) de dito deseño baseado en prestacións por unha entidade externa, independente e especializada, ou terceira parte realizada por un organismo de control debidamente acreditado coa que se complete a revisión do deseño por pares (“peer review” polas súas siglas en inglés) de xeito que se garanta que se acaden os obxectivos de seguridade contra incendios.

1.3.1.2 Revisión dos documentos iniciais: Procederán ao estudo exhaustivo do proxecto inicial e as sucesivas entregas, analizando o grado de cumprimento da normativa vixente esixible tanto técnica como de contratos. Comprobarán detalladamente se as propostas e as solucións construtivas e de sistemas recollidas no proxecto son viables e axeitadas ao emprazamento e se tiveron en conta os servizos afectados.

Analizarase se a solución proposta é a óptima entre as posibles, dende un punto de vista técnico en base ao orzamento dispoñible, tendo en conta a capacidade das instalacións existentes e se estas son suficientes para acadar a posta en servizo da nova actuación, a súa descrición, execución, materiais, medición e prezo. Valorarán as planificacións e prazos previstos para cada fase de execución parcial e total. Comprobarán a documentación para chegar a obter as preceptivas licencias. Emitirán informes das correccións e omisións observadas, ademais de posibles suxestións.

1.3.1.3. Informe inicial de supervisión e propostas de revisión: Redactarán un informe inicial onde detallarán e xustificarán as verificacións realizadas, os erros ou omisións detectados, os axustes necesarios para o cumprimento das exixencias das normativas de aplicación, suxestións sobre as solucións propostas e as súas posibles alternativas, a análise dos prazos de execución estimados, ademais da revisión das medicións e prezos en canto á viabilidade e axuste do proxecto ao orzamento. Este informe servirá como base aos técnicos da AXI para requirir as modificacións a esixir no proxecto.

1.3.1.4. Reunións de supervisión: Asistirán e participarán nas reunións xunto co Equipo redactor e os Técnicos da AXI para repasar e aclarar o informe inicial de supervisión. Esta parte ten como fin axudar a elixir as modificacións a incorporar na documentación técnica definitiva, sendo potestade da AXI a decisión final.

1.3.2. FASE 2: Informe Supervisión final do proxecto definitivo

1.3.2.1. Revisión final do Proxecto.

Revisarán o proxecto definitivo comprobando as rectificacións e melloras esixidas e autorizadas pola AXI.

1.3.2.2. Revisión final de outros documentos relacionados

Revisarán os documentos definitivos comprobando as rectificacións e melloras exixidas e autorizadas pola AXI.

1.3.2.3. Informe final de supervisión:

Este informe garantizará que as obras definidas no proxecto son viables dende un punto de vista legal, técnico e económico de xeito que sexa posible a súa licitación e posterior execución.

A supervisión terá o alcance indicado na lexislación de contratos, de tal xeito que o informe da parte de instalacións do proxecto que elabore o consultor sexa equivalente ao informe de supervisión que elaboraría a Administración e sirva para poder efectuar directamente apoiándose nel, previo conforme do órgano competente da administración, a súa aprobación aos efectos previstos na citada lexislación de contratos e demais lexislación sectorial de aplicación.

2. FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES DO CONTRATO

2.1. DEFINICIÓNS

2.1.1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Segundo o artigo 61 da LCSP o órgano de contratación, a través dos responsables que designe, será o representante das entidades do sector público que neste caso exercerá as súas competencias a través da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A (en adiante SPI Galicia).

2.1.2. RESPONSABLE DO CONTRATO

A figura de responsable do contrato recollida no artigo 62 da LCSP, enténdese referida ao técnico coa titulación axeitada e suficiente para asumir a responsabilidade da correcta realización do servizo, neste caso de grao en Enxeñaría, Arquitectura, ou equivalente, nomeado para tal fin por SPI Galicia.

2.1.3. CONTRATISTA

O licitador que resulte adxudicatario do contrato do servizo, desenvolvendo o preceptuado neste Prego, recibe a denominación de "Contratista" (que será a empregada en diante).

2.1.4. REPRESENTANTE DA EMPRESA

O Contratista designará a un representante, que será o responsable principal do equipo redactor dos informes de Supervisión, e o interlocutor con SPI Galicia, en adiante "Autor da supervisión". Será unha persoa con titulación profesional de enxeñeiro industrial ou equivalente, ou ben, no caso de que o licitador sexa unha empresa estranxeira, unha titulación profesional equivalente a aquelas (coas especialidades técnicas necesarias e axeitadas).

2.2. FUNCIONES

2.2.1. FUNCIONES DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

SPI Galicia resérvase as funcións e competencias que lle atribúe o conxunto da lexislación e normativa vixente, que serán exercidas da forma legalmente establecida.

A través dos responsables que designe, será a encargada da coordinación e seguimento do traballo a realizar, así como do cumprimento deste prego, en particular no tocante á elaboración dos documentos aos que nel se fai referencia.

Son funcións de SPI Galicia:

- Exercer a inspección e vixilancia continuada do contrato de traballo.
- Interpretar a documentación contractual, para a correcta execución do contrato.
- Esixir a existencia de persoas, medios e organización, que consta na documentación contractual para a execución do contrato.
- Propoñer os criterios de deseño das infraestruturas, así como aprobar os criterios de prestacións e calidades a esixir.
- Tramitar e resolver cantos incidentes xurdan na fase de execución do servizo.

O contratista participará, cando se lle requira, nas reunións preparatorias ou de seguimento que se teñan que celebrar ou que sexan convocadas por SPI Galicia, para o correcto desenvolvemento dos traballos e realizará as modificacións que se deriven dos acordos adoptados nas mesmas. SPI Galicia poderá en todo momento, inspeccionar e dirixir a marcha dos traballos ou recoller datos con vistas ao cumprimento do contrato.

SPI Galicia, os seus representantes e quen sexa delegado por estes, terán en todo momento libre acceso ás oficinas e instalacións do contratista, para a inspección e dirección da marcha dos traballos ou para recoller datos para o cumprimento ou seguimento do contrato. Todos os equipos, aplicacións, materiais empregados deberán ser contrastados polos servizos competentes, e deberán cambiarse se non se atopan en perfectas condicións.

2.2.2. FUNCIONES DO RESPONSABLE DO CONTRATO

As funcións do Responsable do contrato con respecto ao contratista e ao persoal ao seu servizo, son as seguintes:

- Fixar os prazos para a execución dos diversos traballos comprendidos no Contrato que non estean definidos neste Prego, así como as datas para a execución de traballos que deban ser realizados en días determinados e, mesmo, as horas de realización cando sexa necesario.
- Establecer os criterios e a metodoloxía para a execución dos traballos, despois de estudadas as propostas que neste sentido faga o contratista, pero sen ter que aterse necesariamente a elas.
- Definir as prioridades de actuación en cada momento para o persoal integrante do contrato.
- Distribuír os medios, tanto humanos como materiais, necesarios para levar a cabo a correcta prestación do servizo contratado.

- Resolver calquera outra cuestión que sexa consecuencia do seu labor como Responsable do presente contrato e que, ao seu xuízo, sexa necesaria para o cumprimento dos seus fins.
- Convocar reunións periódicas ou ocasionais, cuxo contido se refira ao desenvolvemento e marcha dos traballos obxecto do contrato, cando así conveña.
- Propoñer as modificacións que conveña introducir no servizo.

2.2.3. FUNCÍONS DO CONTRATISTA

O contratista terá a función de desenvolver as prescricións do presente contrato. O contratista deberá ter a iniciativa suficiente en todo momento para que ningunha acción ou trámite que forme parte do obxecto do contrato quede sen realizar. Así mesmo deberá facer o contratista os estudos e xestións oportunas para presentar inmediatamente ao Responsable do contrato a diagnose e a proposta de solución de cada problema relacionado co desenvolvemento dos traballos, propoñéndolle as medidas que fosen precisas para levar a cabo dita solución.

Durante o desenvolvemento dos traballos que forman parte do contrato, todas as relacións do contratista con SPI Galicia faranse a través do Responsable ou das persoas en quen este delegue, salvo que se exprese noutro sentido no presente Prego.

SPI Galicia prestará as axudas técnicas ou administrativas que para o desenvolvemento da súa misión necesite.

O adxudicatario e no seu caso ou o representante por el designado, está obrigado a asistir a todas as reunións técnicas convocadas por SPI Galicia durante a execución do contrato.

Calquera dos informes de execución sobre os aspectos concretos que solicite o órgano de contratación deberá realizarse no prazo mínimo dunha semana desde a súa solicitude, salvo que o órgano de contratación especifique un prazo diferente.

O contratista organiza e desenvolve a execución do servizo e interpreta e pon en práctica as ordes recibidas do Responsable do contrato. Así mesmo, propón ao devandito Responsable, ou colabora con el, na resolución dos problemas que xurdan durante a execución dos traballos.

O Contratista deberá estar, salvo autorización expresa do Responsable do contrato, dispoñible ou, cando menos, localizable, en horario laboral, durante o prazo de execución do contrato. En caso contrario, deberá nomear a un substituto temporal, por prazo fixado, que deberá ser proposto ao Responsable do contrato ao que lle corresponde a súa aprobación, cando menos con 7 días de antelación ao comezo da súa ausencia.

2.3. RESPONSABILIDADES

De acordo ao recollido no Capítulo V referido ao contrato de servizos da LCSP establecece:

2.3.1. RESPONSABLE DO CONTRATO

O Responsable do contrato, no marco das súas respectivas funcións, será responsable das súas decisións e das omisións atribuíbles a el e non o será, nin directa nin solidariamente, das consecuencias das accións ou omisións do contratista, ou do seu persoal en exercicio das súas funcións, nas que actuasen directamente. Tampouco será responsable das consecuencias das accións tomadas en base a informacións fornecidas polo contratista, se estas foran inexactas.

O Responsable do contrato tampouco será responsable, nin directa nin solidariamente do que, con plena responsabilidade técnica e legal, decida, controle, proxecte, informe ou calcule o contratista, que deberá dispoñer para iso do persoal adecuado e coa titulación legal necesaria para a realización completa do traballo obxecto deste contrato.

2.3.2. CONTRATISTA E AUTOR DA SUPERVISIÓN DO PROXECTO: INSTALACIÓNS

O contratista responderá, en primeiro lugar, de idoneidade das instalacións, equipos e materiais destinados á execución dos traballos.

As responsabilidades derivadas das accións do contratista serán asumidas por el mesmo, en función das súas atribucións, e entenderanse atribuídas ás persoas físicas que ostenten para as diversas cuestións a representación do contratista que, ademais, será responsable subsidiario das accións do seu persoal relacionada co contrato.

O contratista será responsable das decisións que tome pola súa iniciativa nas funcións encargadas polo Responsable do contrato establecidas neste Prego. E tamén eventualmente, das que tome, pola súa iniciativa, nas materias nas que non lle foron asignadas funcións executivas. Non o será, en cambio, das consecuencias derivadas das accións ou decisións do Responsable do contrato alleas á súa organización, salvo que aquelas se baseen nunha información errónea achegada polo contratista ou polo seu persoal.

O contratista será tamén responsable, enteiramente, da exactitude dos traballos, comprobacións de medicións, cálculos, planos e prescricións realizados como parte dos traballos e, en xeral, dos resultados que lle proporcione á SPI Galicia. Así mesmo, será responsable do honesto comportamento do seu persoal nas relacións de todo tipo, e moi especialmente con SPI Galicia ou coa Administración.

Nese sentido, o contratista adoptará todas as medidas necesarias para que durante a execución dos traballos encomendados quede asegurada a protección a terceiros, sendo da súa total responsabilidade as indemnizacións polos danos e prexuízos a estes que puidesen ocasionarlle como consecuencia daqueles, se a teor das disposicións vixentes incorrese en culpabilidade.

O persoal adscrito a execución deste servizo actuará en todo momento como representante dos intereses de SPI Galicia, na relación de esta coa empresa adxudicataria. Consecuentemente, notificará ao órgano de contratación, a través do seu Responsable do contrato, todas as incidencias e cuestións xurdidas na execución do contrato e, en especial, aquelas que requiran da autorización ou aprobación previa de SPI Galicia para a súa execución.

3. MARCO NORMATIVO

Analizarase o cumprimento de toda a normativa aplicable na versión vixente da mesma ao momento de facer a supervisión, que afecte ás instalacións, e en particular e sen carácter limitativo, a seguinte:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Real decreto lexislativo 1098/2001, de 5 de xullo, Regulamento Xeral da LCAP.
- Decreto 3854/1970, de 31 de decembro, que aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

- Código Técnico de Edificación (CTE)
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da Subcontratación no Sector da Construción e o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, que a desenvolve.
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 1627/1977, de 24 de outubro, que establece as Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, que establece as Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos lugares de traballo.
- Accesibilidade: Lei 10/2014, de 3 decembro de accesibilidade de Galicia, Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 41, do 29 de febreiro). Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- Regulamento de Instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- Lexislación vixente en Materia Ambiental e de Residuos.
- Lexislación vixente en materia de Protección de Datos de carácter persoal.
- Ademais terase en conta tamén na parte que lle sexa de aplicación:
 - PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO.
 - NORMATIVA TÉCNICA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

4. DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

Os traballos a realizar veñen definidos no punto 1.3 deste Prego: ALCANCE E FASES DOS TRABALLOS. Ademais segundo o artigo 136 do Regulamento de Contratos das Administracións Públicas terase en conta que as oficinas ou unidades de supervisión de proxectos terán as seguintes funcións:

- Verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica, que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.
- Verificar que o proxecto contén o estudo de seguridade e saúde.
- As oficinas de supervisión de proxectos examinarán os estudos e proxectos de obra, recadando as aclaracións, ampliacións de datos ou estudos, ou rectificacións que crean oportunas e exixindo a corrección ou corrixindo por si mesmas os defectos observados.

- As oficinas ou unidades de supervisión farán declaración expresa nos seus informes de que o proxecto, cuxa aprobación ou modificación propón reúne cantos requisitos son exixidos pola Lei e polo seu Regulamento, declaración que será recollida na resolución de aprobación.
- O informe que deben emitir as oficinas ou unidades de supervisión de proxectos deberá facerse no prazo máximo dun mes, salvo que polas características do proxecto se requira outro prazo maior, contado a partir da recepción do proxecto, e unha vez corrixis, no seu caso, os defectos advertidos, e haberá de incorporarse ao expediente respectivo como documento integrante do mesmo.

A supervisión terá o alcance indicado na lexislación de contratos, de tal xeito que o informe que elabore o consultor sexa equivalente ao informe de supervisión que elaboraría a Administración e sirva para poder efectuar directamente apoiándose nel, previo conforme do órgano competente da administración, a súa aprobación aos efectos previstos na citada lexislación de contratos e demais lexislación sectorial de aplicación.

Deste xeito, o Informe de Supervisión que se emita por parte da Administración será tamén asinado polo adxudicatario na parte relativa a instalacións (salvo o PIC) e levará integrada a declaración de ausencia de conflito de intereses (D.A.C.I.)

Previamente á emisión deste Informe de supervisión que corresponde á versión definitiva do proxecto emitiranse informes de correccións das distintas entregas do proxecto. Emitiranse tantos informes como entregas sexan precisas ata acadar a versión definitiva do proxecto que sirva para licitar as correspondentes obras. Estes informes emitiranse para cada unha das partes, entregas ou proxectos parciais presentados polo contratista e para cada unha das fases nas que se entregue a documentación do proxecto de execución en previsión das distintas fases nas que se organice a execución posterior da obra.

En particular verificarase:

- A coherencia entre os distintos documentos, o seu nivel de definición e concreción.
- Planos: analizarase a súa calidade, a súa coherencia cos resultados dos anexos de cálculo, coas medicións do presuposto e se son suficientes para a correcta definición das obras. Indicarase aqueles elementos que vaian a requirir correccións, precisión ou estudos adicionais.
- Prego de prescricións técnicas particulares: examínase o nivel de definición das especificacións sobre materiais, equipos, unidades de obra e partidas alzadas, os criterios de medición establecidos e a coherencia co resto dos documentos.
- Prezos: examínase a precisión da definición dos cadros de prezos e a súa coherencia co establecido no prego, así como o seu axuste aos prezos xerais de mercado.

Os informes de correccións que se emitan por parte do adxudicatario centraranse na análise do cumprimento de tanta normativa sectorial sexa de aplicación ás instalacións no momento de aprobación do proxecto, e en particular, sen carácter limitativo, nas seguintes cuestións:

- Adecuación do proxecto ao CTE, SE, SUA, SI, HS, HR, HE.
- Adecuación do proxecto ao REBT e o de Alta Tensión.
- Adecuación do proxecto ao RITE.
- Adecuación do proxecto aos prezos de mercado.

- Control das medicións supervisión do presuposto, comprobando a definición das partidas, coincidencia entre a descrición das partidas e a documentación gráfica e as especificacións dispostas no Prego de Prescricións Técnicas do Proxecto.
- Análise dos cálculos, comprobando as hipóteses de partida, os métodos e simplificacións empregados, a coherencia nos resultados obtidos e no seu traslado á documentación gráfica do proxecto, as especificacións do Prego de Prescricións Técnicas, do Estudo de Seguridade e Saúde, presuposto e restante documentación que corresponda do Proxecto.
- Revisión do Plan de Control de Calidade previsto para as partidas de instalacións.
- Control técnico do certificado de eficiencia enerxética do edificio.
- Análise das instalacións recollidas no proxecto con comprobación da integridade documental, con:
 - Revisión do capítulo dedicado aos servizos afectados, analizando tanto a súa descrición, como as accións correctoras provisionais ou definitivas ademais da súa correcta valoración tanto económica como na planificación dos tempos de xestión e execución.
 - Revisión do capítulo dedicado ao conxectado da parte nova coa parte existente, definindo axeitadamente as diferentes actuacións nos cadros e servizos onde sexa preciso conectarse.
 - Revisión deseño funcional axeitado das instalacións.
 - Revisión do correcto dimensionado (criterios de cálculo, dimensionado dos principais equipos e ratios fundamentais, W/m² totais, volume depósitos auga, etc.)
 - Con comprobación da correcta coordinación do trazado das instalacións, sobre todo nos puntos de maior densidade de instalacións en falsos teitos e patinillos.
 - Comprobación do axeitado deseño de salas limpas, salas illados, inmunodeprimidos, laboratorios: Cumprimento condicións mínimas (renovacións, sobrepresión, esclusa).
 - Especial atención ao correcto deseño da rede de saneamento para evitar olores, á ventilación da rede, protección contra o ruído e trazados fóra de zonas sensibles ao auga (quirófanos, etc.).
 - Fontanería, fluxores, rede de auga osmotizada, rego: terase en conta en particular o Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiónelosis e prestarase especial atención aos trazados fóra de zonas sensibles á auga (quirófanos, etc.)
 - Electricidade e iluminación
 - Especial atención ao cumprimento dos requirimentos da implantación do Centro de Transformación, Seccionamento e Medida en relación ao Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias e especificacións da compañía distribuidora.
 - Regulamento de Baixa Tensión, con especial atención a Instalación en locais de pública concorrencia - (ITC-BT-28) e Instalación eléctrica en quirófanos e salas de intervención - (ITC-BT-38)
 - Revisión correcto deseño da protección contra contactos directos e indirectos. Réxime de neutro.

- UNE EN 12464-1 Cumprimento valores mínimos iluminación dos lugares de traballo
- Sistema de xestión iluminación axeitado á tamaño e complexidade do edificio
- UNE 60364-7-710 Requisitos para instalacións ou emprazamentos especiais. Locais de uso médico.
- Instalación fotovoltaica: Cumprimento especificacións compañía distribuidora e decreto autoconsumo.
- Gases medicinais
- UNE-EN ISO 7396 Sistema de canalización de gases medicinais
- Gases combustibles
- REAL DECRETO 919/2006, de 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gaseosos e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- UNE 60670 Instalacións receptoras de gas subministrado a unha presión máxima de operación (MOP) inferior ou igual a 5 bar.
- Normativa ruído
- Código Técnico da Edificación: Documento Básico HR. Protección fronte ao ruído.
- REAL DECRETO 1367/2007, de 19 de outubro, por el que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído
- PCI
- Código Técnico da Edificación: Documento Básico SI. Protección fronte ao ruído. Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- Especial atención ás instalacións de ventilación de aparcamento, protección de escaleiras e axeitada selección dos sistemas de detección.
- Protección biolóxica e radiolóxica
- Axeitada protección radiolóxica (protección con chumbo, protección con aceiro doce, gaiolas de Faraday, saneamento separado para decaemento radioactivo, filtros de carbono, etc.).
- Instrución IS-41, do 26 de xullo de 2016, do Consello de Seguridade Nuclear, pola que se aproban os requisitos sobre protección física de fontes radioactivas.
- Normativa de seguridade biolóxica. Real Decreto 664/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.
- Con comprobacións estatísticas mediante comprobación puntual do dimensionado doutros elementos que forman parte das instalacións (algún circuíto principal, algunha bomba de impulsión, etc.).
- Con comprobación do cumprimento da normativa legal e voluntaria para este tipo de instalacións que se relaciona nos seguintes capítulos:

- CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN
- FONTANERÍA, FLUXORES, REGO
- SANEAMIENTO
- AUGA OSMOTIZADA
- ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN
- ELEVACIÓN E MANTEMENTO
- TRANSPORTE PNEUMÁTICO
- SEGURIDADE E CCTV
- CABLEADO ESTRUCTURADO
- GASES MEDICINAIS
- GASES COMBUSTIBLES
- COMUNICACIÓN PACIENTE ENFERMERÍA
- PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS (DETECCIÓN E EXTINCIÓN)
- MEGAFONÍA E AUDIOVISUAIS
- CONTROL DE ACCESOS
- XESTIÓN INSTALACIÓNS (SCADA)

Todas estas actuacións pormenorizaranse minuciosamente nas reunións de coordinación que o contratista deberá manter cos técnicos coordinadores nomeados por SPI Galicia.

O contratista encargarse da xestión das reunións, incluíndo a súa loxística e preparación documental, redactando a convocatoria e tomando acta das mesmas.

O contratista manterá permanentemente actualizado un rexistro codificado de todo o proceso de toma de decisións para poder determinar a súa orixe, e documentar o proceso e a súa aprobación. Este rexistro estará a disposición en todo momento do Responsable do Contrato.

O contratista deberá achegar a infraestrutura informática e de telecomunicacións necesaria para posibilitar o intercambio áxil de información electrónica co Responsable do Contrato durante a duración dos traballos. Dita infraestrutura deberá garantir, en todo momento, a seguridade dos accesos, así como a integridade e confidencialidade da información compartida. As tecnoloxías de comunicación e de xestión da información empregadas polo contratista deberán ser compatibles cos sistemas informáticos de SPI Galicia, garantíndose, en todo momento, a accesibilidade de calquera aplicación software, sitio web, etc., que vaia a ser empregado durante o desenvolvemento dos traballos.

O contratista creará un repositorio documental en soporte informático de toda a documentación que se xere ao longo do contrato, que deberá estar permanentemente actualizada e ser accesible telematicamente por parte do Responsable do Contrato en todo momento. Tamén deberán ser accesibles telematicamente aquelas aplicacións informáticas que permitan realizar o seguimento dos traballos, incluíndo o control de calidade, orzamentario e do custo.

5. DOCUMENTACIÓN

Todos os traballos de produción (mecanografía, delineación, reprodución, ordenación, encadernación, e similares) serán a cargo do contratista.

5.1. FASES

5.1.1. FASE DE CORRECCIÓN DO PROXECTO

Farase un informe por cada versión do proxecto que se edite no que se indiquen as correccións que procedan no tocante ás instalacións. Este informe virá asinado por técnico competente e levará incluído o DACI.

Na dita fase, cando se solicite a emenda dalgún documento do proxecto (memorias e anexos, planos, prego, orzamento ou outros), revisaranse o informe resposta a ditas correccións elaborado polo autor do proxecto xunto coa nova versión correspondente ao proxecto corrixido ata chegar a alcanzar a versión definitiva do proxecto.

Ao comezo da execución dos traballos levarase a cabo a simulación e a validación relativas a comprobación do deseño baseado en prestacións para a zona do gran patio central indicadas no apartado 1.3.1.1 deste Prego e que permitan garantir que coa solución proposta se acadan os obxectivos de seguridade contra incendios.

5.1.2. ENTREGA FINAL

Unha vez se dea por válida a versión definitiva do proxecto revisará a integridade documental na parte de instalacións do proxecto asinado e asinará o Informe da Oficina de Supervisión de proxectos xunto cos técnicos da administración que sirva para aprobar o Proxecto.

5.2. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO DE SERVIZO

A documentación que se entregue virá asinada dixitalmente por técnico competente ou polo representante legal da adxudicataria no seu caso e entregárase por vía electrónica segundo as indicacións que a tal efecto dea o responsable do contrato.

6. DOTACIÓN DE MEDIOS

6.1. PERSOAL

O presente contrato inclúe a posta a disposición do seu cumprimento de todo o persoal e os medios materiais necesarios para a óptima realización no momento máis oportuno dos traballos que se contratan.

Para a realización destas tarefas o equipo de traballo estará formado polo número mínimo de cada un dos perfiles profesionais que figuren na oferta do Contratista e deberá necesariamente cumprir, como mínimo, cos requisitos específicos do equipo de traballo establecidos neste Prego. O contratista deberá determinar na súa oferta a dedicación de cada un dos membros do equipo de xeito que cubran as necesidades especificadas e o resto de requisitos fixados neste Prego.

O contratista deberá determinar na súa proposta o número de integrantes do equipo de traballo que garantan os requisitos e prestacións demandadas, entendendo como responsabilidades do Contratista garantir as tarefas prestadas. En todo caso é responsabilidade do Contratista garantir a axeitada prestación de servizos e consecución en prazo dos resultados especificados no Prego, polo que estará na obriga de organizar a prestación do servizo e de reforzar o equipo de traballo asignado naquelas situacións ou períodos que o precisen.

Se por necesidades do servizo fose necesario aumentar o número de horas normais de traballo, os cambios experimentados non serán computables a efectos do abono dos traballos realizados, debendo integrarse calquera cambio na estimación previa que se realice para a oferta presentada.

A realización de cambios na composición do equipo de traballo ofertado precisará a notificación previa cun mínimo de 1 mes de antelación ao Responsable do contrato, estando a modificación condicionada ademais aos seguintes requisitos:

- Xustificación detallada e suficiente, na que se explique o motivo do cambio e a súa duración.
- Presentación de posibles candidatos cun perfil de cualificación técnica e funcional igual ou superior ao da persoa que se pretende substituír.
- Aceptación do candidato polo Responsable do contrato.

Os permisos, licenzas, vacacións, etc., non afectarán de ningún xeito o desenvolvemento dos traballos; isto significa que calquera ausencia, por calquera motivo, de calquera titular de calquera das funcións que integran o equipo debe ser cuberta por substitutos equivalentes. Tanto as substitucións programables (vacacións), como as incidentais, deben ser autorizadas polo Responsable do contrato que, segundo a duración ou influencia no traballo para realizar, poderá dispoñer outras medidas extraordinarias.

O persoal adscrito polo contratista á prestación obxecto do contrato non terá ningunha relación laboral con SPI Galicia ou coa administración, baixo ningún concepto.

6.1.1. PERSOAL PARA A SUPERVISIÓN DO PROXECTO

A titulación académica e profesional requirida para o redactor do proxecto do Hospital é a de arquitecto. Segundo a LOE, nos aspectos concretos correspondentes ás súas especialidades e competencias específicas, e en particular respecto dos elementos complementarios a que se refire o apartado 3 do artigo 2, poderán así mesmo intervir outros técnicos titulados do ámbito da arquitectura ou da enxeñería, subscribindo os traballos por eles realizados e coordinados polo proxectista.

Ditas intervencións especializadas serán preceptivas se así o establece a disposición legal reguladora do sector de actividade de que se trate. Segundo o artigo 10 da LOE como proxectistas terán como obrigación redactar o proxecto con suxeición á normativa vixente e ao que se establecera no contrato.

Atendendo ao anterior e tendo en conta que o presente Prego se refire á parte de Instalacións, o equipo encargado de desenvolver o traballo de SUPERVISIÓN do proxecto estará formado, independentemente dos colaboradores que se estimen precisos, como mínimo por:

- Unha persoa en posesión da titulación de enxeñeiro industrial ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial, que teña desempeñado funcións de:
 - Deseño, inspección, supervisión ou similares das instalacións dun proxecto de obra de edificación

- E/ou dirección, control, vixilancia ou similares das instalacións na execución de obras de edificación

ambos do ámbito hospitalario cun orzamento base de licitación de obras igual ou superior a cincuenta millóns de euros (50.000.000,00€) e cunha experiencia mínima de 3 anos na prestación deste tipo de servizos. A dedicación mínima será a indicada no apartado 7 deste Prego.

- A lo menos cinco (5) consultores de enxeñaría que deberán de estar en posesión da titulación universitaria oficial pola que adquirisen as competencias para o:
 - Deseño, inspección, supervisión ou similares das instalacións dun proxecto de obra de edificación (2 deles serán especialistas en incendios).
 - E/ou dirección, control, vixilancia ou similares das instalacións na execución de obras de edificación

Ditas instalacións corresponderanse coas recollidas na memoria de instalacións do Proxecto Básico (salvo as infraestruturas de comunicación), de tal xeito que abarquen entre eles as instalacións indicadas e cunha experiencia mínima de 3 anos na prestación deste tipo de servizos. A dedicación mínima será a indicada no apartado 7 deste Prego.

6.1.2. CONSIDERACIÓNS SOBRE O PERSOAL

O persoal que se relaciona neste Prego é o que entende SPI Galicia como preciso para a correcta realización do Servizo e para a estimación do seu prezo.

Non obstante, e tal como se establece no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o licitador presentará a Organización con elementos persoais para a realización do traballo que crea máis axeitada, e que será a que sirva, entre outros aspectos, para a valoración da súa oferta. En todo caso figurarán os elementos persoais mínimos esixidos no mencionado Prego para acreditar a solvencia técnica ou profesional.

Dado que o que se contrata non é unha prestación de persoal, senón un servizo, en todo momento deberá estar dotado dos medios necesarios para poder ser prestado correctamente, aínda que estes sexan maiores que os mínimos previstos por SPI Galicia ou polo Licitador.

Polo tanto o contrato comportará que o contratista deba aportar o persoal e medios materiais que requira a óptima realización no momento mais oportuno dos traballos que se contratan.

O persoal, deberá desempeñar o seu cometido coa suficiente continuidade para que non quede diminuída a calidade e eficacia do traballo requirido. A estes efectos o contratista deberá presentar un organigrama do funcionamento do equipo. Nel indicará a lista nominal de persoal que integrará o servizo expresando un breve “curriculum vitae” de cada un, a estrutura, funcións, dedicación á supervisión e facultades asignadas ós distintos postos.

O Responsable do contrato poderá, xa sexa ao comezo da vixencia do contrato ou durante o mesmo, recusar o persoal que o contratista adscriba ao servizo e esixir o seu cambio cando considere que a súa preparación non é axeitada ou estime prexudicial a súa permanencia no equipo.

O persoal adscrito polo contratista á prestación obxecto do Contrato, non terá ningunha relación laboral con SPI Galicia ou coa Administración, baixo ningún concepto.

Son de conta directa do contratista todos os honorarios do persoal, incluídos seguros sociais e impostos, que regulan a Ordenanza Laboral para a actividade de Oficinas e Despachos e os Convenios Colectivos en vigor, ou os que se poidan aprobar durante o período de vixencia do contrato.

7. ORZAMENTO DO CONTRATO

Cap.1	FASE 1: Correccións das distintas versións do proxecto					
ID.	Medición	PERSONAL	Euros/mes	Dedicación	Meses	Importe
O-5	1	Enxeñeiro industrial ou equivalente; Representante da empresa	6.070,13	0,20	10	12.140,26 €
O-6	3	Consultor de enxeñería especialista en Instalacións	6.070,13	0,30	10	54.631,17 €
O-N	2	Consultor de enxeñería especialista en incendios	6.070,13	0,15	10	18.210,39 €
M-1	1	Alugueiro de oficina e dotación de equipos e material	500,00	0,30	10	1.500,00 €

86.481,82 €

Cap.2	FASE 2: Informe Supervisión final do proxecto definitivo					
ID.	Medición	PERSONAL	Euros/mes	Dedicación	Meses	Importe
O-5	1	Enxeñeiro industrial ou equivalente; Representante da empresa	6.070,13	0,20	2	2.428,05 €
O-6	3	Consultor de enxeñería especialista en Instalacións	6.070,13	0,40	2	14.568,31 €
M-1	1	Alugueiro de oficina e dotación de equipos e material	500,00	0,40	2	400,00 €

17.396,36 €

Cap.	Descrición		Importe
1	FASE 1: Correccións das distintas versións do proxecto		86.481,82 €
2	FASE 2: Informe Supervisión final do proxecto definitivo		17.396,36 €
Orzamento de Execución Material			103.878,18 €
	Gastos xerais	13 %	13.504,16 €
	Beneficio Industrial	6 %	6.232,69 €
Orzamento Base de Licitación sen IVE			123.615,03 €
	Imposto de Valor Engadido	21 %	25.959,16 €
Orzamento Base de Licitación			149.574,19 €

Polo tanto o total do valor do contrato correspondente á Supervisión das Instalacións do Proxecto ascende a un orzamento base de licitación sen IVE (PBL sen IVE) de CENTO VINTE E TRES MIL SEISCENTOS QUINCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (123.615,03 €) máis o IVE de VINTE E CINCO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (25.959,16 €), o que supón un orzamento base de licitación total con IVE (PBL) de CENTO CORENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (149.574,19) €

Estes honorarios non sufrirán incremento ningún, independentemente do número de versións previas do proxecto que sexa preciso revisar ata alcanzar a versión definitiva do proxecto que se aprobará para licitar as obras.

8. DISPOSICIÓN XERAIS

8.1. CONDICIONANTES TÉCNICOS

Na realización do traballo, o contratista terá en conta todas as disposicións que con carácter de instrución, norma recomendación ou similar e de carácter técnico que foran ditadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de modo subsidiario, pola Administración Xeral do Estado, sexan de aplicación ao proxecto que se supervisa.

O ritmo da supervisión será flexible e adaptarse aos prazos de entrega das distintas versións do proxecto a medida que se vai corrixindo o mesmo ata chegar ao documento que se aprobe finalmente (de xeito tal que a dedicación indicada nas táboas do apartado 7 deste prego teñen que entenderse como dedicación media ao longo dos 12 meses de duración do contrato).

8.2. VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS HONORARIOS

Nestes prezos considéranse incluídos cantos custos directos se deriven da realización das prestacións obxecto do contrato e, en xeral, todas as actividades e relacións entre as partes contempladas neste Prego.

No seu caso, as partidas de abono íntegro serán abonadas na súa totalidade tan pronto como SPI Galicia considere que se efectuaron os traballos correspondentes con arranxo ás condicións requiridas.

Aos prezos de execución material aplicaráselle, en primeiro lugar, as porcentaxes establecidas no punto 7 deste Prego en concepto de gastos xerais e beneficio industrial. Sobre esa cantidade aplicarase o coeficiente de adjudicación ofertado polo contratista, como resultado do proceso de licitación. Por último, á cantidade resultante aplicaráselle o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor Engadido que lle corresponda segundo a data de emisión da factura á que se refiren os traballos.

1. Fase 1: Correccións das distintas versións do proxecto. O adjudicatario terá dereito ao abono do 60% do prezo reservado para esta fase de acordo ao punto 7 deste Prego, ao que se lle aplicará a porcentaxe de baixa da licitación, coa entrega do primeiro informe de correccións unha vez conte dito informe coa conformidade do Responsable do Contrato. Unha vez sexa solicitada a copia definitiva do Proxecto aboarase o 40% restante do prezo deste concepto ao que se lle aplicará a porcentaxe de baixa da licitación.
2. Fase 2: Informe de supervisión final do proxecto definitivo. O adjudicatario terá dereito ao abono do prezo reservado para esta fase de acordo ao punto 7 deste Prego, ao que se lle aplicará a porcentaxe de baixa da licitación, unha vez asinada pola súa parte o Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos.

No caso de que se resolvase o contrato sen que se completaran os traballos de supervisión do proxecto e sen que se tivera descontado devandito anticipo, o seu desconto aplicaríase como parte da liquidación do contrato, na que só serían obxecto de valoración e abono os traballos efectivamente realizados.

As ditas certificacións deberán ser aprobadas e aceptadas polo representante de SPI Galicia designado para o efecto e deberase cumprir para o seu abono coas demais condicións expostas neste prego e no PCAP.

8.3. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será o axeitado para cubrir a fase de supervisión do proxecto, ascendendo a doce **(12) meses**, tal e como se indica no cadro de características do contrato.

Ao inicio e durante a execución do contrato o adxudicatario manterá cos responsables do contrato todas aquelas reunións de coordinación que fosen necesarias para definir con precisión o alcance funcional da prestación e obter así o correspondente visto bo previo.

O prazo de execución do contrato non comezará a contar ata que se levante a correspondente acta de inicio entre o adxudicatario e SPI Galicia, unha vez redactada e entregada polo equipo redactor do Proxecto do CHUAC a primeira edición do proxecto de execución.

De xeito estimativo indícase o prazo contractual do servizo de doce (12 meses). Na licitación non se admitirá variación de prazo.

Por tratarse dun contrato de servizo relacionado con outro contrato para a elaboración dun proxecto de execución, no caso de que este último vise incrementado o seu prazo de redacción, o prazo de execución da presente prestación sufrirá o mesmo incremento. Polo tanto, SPI Galicia poderá proceder a acordar a correspondente ampliación de prazo deste servizo independentemente de que o contratista non solicitara a dita ampliación. En todo caso, esta ampliación de prazo non supón variación da prestación contratada e polo tanto non xerará dereito a incremento económico a favor do adxudicatario.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

ANEXO I - DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES

Co obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os asinantes do presente documento, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ten a fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou en outro en cuxa resolución puidera influír a de aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
 - e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

Segundo. Non se atopar incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre nas súas persoas ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público que poida afectar ao procedemento de licitación.

Terceiro. Comprometerse a poñer en coñecemento do órgano competente, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidera dar lugar a dito escenario.

Cuarto. Ter coñecemento de que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.